I San Silvestre Solidaria

CONCELLO DO PORRIÑO



#porriñodeporte

Concello do Porriño

O Porriño
O Concello do Deporte

Concellería de Deportes

30 DECEMBRO 2019 | **20:00 H.** SAÍDA E META EN RÚA ANTONIO PALACIOS, 1 | **DISTANCIA: 3 KM** INSCRICIÓN GRATUITA EN WWW.CARREIRASGALEGAS.COM

Inscricións ata o 25 de decembro ás 15:00 h.

Cada participante deberá traer 1kg. de alimento non perecedoiro, o cal se destinará ao Banco de Alimentos Municipal

Recollida de dorsais:

No Pavillón Municipal, o 27 de decembro de 10:00 a 15:00 h. e o 30 de decembro, de 08:00 a 15:00 h.

No Concello, o 30 de decembro de 17:00 a 19:30 h.

ORGANIZA: Concello do Porriño Concellería de Deportes

COLABORA: DEPUTACIÓN PONTEVEDRA //ABANCA

REGULAMENTO

I SAN SILVESTRE SOLIDARIA CONCELLO DO PORRIÑO

Aberto a todas as idades, ¡faino correndo ou andando!

1. Información xeral.

Esta carreira está incluída no calendario oficial de probas en ruta da Federación Galega de Atletismo, organismo co cal o Concello do Porriño coorganiza dito evento deportivo.

Lugar: O Porriño (Pontevedra)

Data: 30-12-2019

Inscricións: Gratuita. Na web www.carreirasgalegas.com ata o 25 de decembro ás 15.00hrs.

Hora de saída: 20.00 hrs.

Punto de saída e meta: Rúa Antonio Palacios, 1.

Dorsal solidario: O evento conta coa particularidade de que cada corredor depositará 1kg. de alimentos non perecedoiros, os cales se destinarán o Banco de Alimentos Municipal.

Recollida de dorsais: No Pavillón Municipal do Porriño: 27 de decembro de 10.00 a 15.00hrs. e o 30 de decembro de 08.00 a 15.00hrs. No Concello do Porriño: 30 de decembro de 17.00 a 19.30hrs.

Premios: Obsequiarase ao corredor máis lonxevo, aos que terminen en posicións elixidas o azar (comunicaranse por esta canle as posicións antes da proba), e á o primeiro corredor e corredora do Concello do Porriño.

2. Condicións da proba.

a) Os participantes comprométense a aceptar todas as normas de regulamento e normativa da Federación Galega de Atletismo.

b) A clasificación e a cronometraxe será electrónica e apoiada polo Comité galego de xuíces. Farase unha clasificación xeral única.

c) Todos os corredores/as deberán colocarse na zona de saída a lo menos 10 minutos antes do comezo da proba.

d) A proba está aberta a todas as idades, así como a atletas federados ou non.

e) Obrigación de levar posto o dorsal por diante e totalmente visible durante toda a proba.

f) Non está permitido o acompañamento na proba de ningún vehículo alleo á organización; nin bicicletas, patíns ou persoas non inscritas na proba que poidan acompañar, avituallar ou marcar ritmos aos participantes.

g) As reclamacións ós resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó Xuíz Arbitro da Competición, desginado pola Federación Galega de Atletismo, non mais tarde de 30 minutos despois da publicación dos mesmos.

h) Serán motivos de descualificación os seguintes: Non respectar o percorrido da proba, ter una actitude antideportiva co resto de participantes, falsificar datos persoais ou a suplantación de identidade.

i) Lei de Protección de Datos: Todos os corredores/as ó realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

j) A organización da proba resérvase o dereito da modificación deste regulamento, así como da suspensión ou aprazamento da carreira por inclemencias do tempo ou razón de seguridade, e da modificación de percorridos ou horarios.

3. Percorrido.

A carreira transcorrerá sobre o circuíto urbano exposto no mapa do ANEXO I do presente regulamento. O mesmo, conta cunha lonxitude de 3 quilómetros para todos os participantes desta proba.

A orde das rúas polas que discorre son as seguintes:

1. Saída na Rúa Antonio Palacios, 1
2. Rúa Ramón González.
3. Rúa Ramiranes.
4. Bajada de la Estación.
5. Rúa Estación.
6. Rúa Peña.
7. Rúa Cando Ab.
8. Rúa do Mercado.
9. Rúa Cando Ab.
10. Rúa Leandro Diz.
11. Rúa Manuel Rodríguez Cd.
12. Avenida Domingo Bueno.
13. Rúa Parque infantil.
14. Rúa San Sebastián.
15. Rúa Manuel Rodríguez Cd.
16. Plazuela de San Sebastián.
17. Rúa San Sebastián.
18. Avenida Domingo Bueno Bc.
19. Travesía Fernández Areal.
20. Rúa Manuel Rodríguez.
21. Rúa Ramón González.
22. Meta na Rúa Antonio Palacios, 1.

4. Seguros.

Todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, que cubrirá os accidentes que se produzan como consecuencia directa do desenvolvemento da proba. Quedan excluídos os casos derivados dun padecimiento latente, imprudencia ou inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento ao lugar da competición ou desde o mesmo.

A inscrición implica ler, entender e adquirir o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores. Coa realización da inscrición, todo participante cede os seus dereitos de imaxe á organización, que utilizará as imaxes de acordo coa Lei de Protección de Datos.

5. Asistencia Médica.

A organización contará con servizos médicos e ambulancia na zona de saída/meta. Os servizos médicos e o xuíz árbitro da competición están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifeste un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma.

A organización contará cunha estancia sinalada para que no caso de accidente, o corredor/a poida formalizar un parte de accidentes cunha persoa nomeada pola Federación Galega de Atletismo.

6. Aceptación do regulamento.

Todos os participantes, polo feito de inscribirse e tomar a saída na carreira, aceptan o presente regulamento, e no caso de dúbida ou de xurdir alguna situación non prevista no mesmo, resolverase de acordo ao que dispoña o Comité Organizador e polas normas da FGA, RFEA e IAAF en vigor.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como

establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.

Concello do Porriño

O Porriño
O Concello do Deporte

concellería de deportes

Federación Galega de Atletismo

ANEXO I. MAPA DO PERCORRIDO DA PROBA.